



**Deputación
DA CORUÑA**

**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e seis de maio de dous mil quince adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“32.-FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS
CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2013.**

Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e a de recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2013, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 33.2 das Bases de execución do Presuposto para o exercicio 2013 e da Resolución da Presidencia núm. 4.214 do 6 de marzo de 2012 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2012), pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a vinte e oito de maio de dous mil quince.

Vº e Pr.

